



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSF invista no teu futuro"



CARACTERÍSTICAS DO PARO REXISTRADO NO CONCELLO DE CAMARIÑAS. Ano 2012

Este estudo elabórase en base ós datos aparecidos na páxina web do Instituto Galego das Cualificacións, dependente da Xunta de Galicia, tendo en conta distintos indicadores do mercado laboral que fan referencia tanto ó paro rexistrado como ás contratacións realizadas no concello.

O desemprego rexistrado no concello de Camariñas no ano 2012 foi do **0.60 % do desemprego rexistrado na provincia**, porcentaxe algo inferior ó acadado no ano 2011 que foi do 0.68 %. Isto amosa que o desemprego na provincia creceu algo máis aceleradamente que no concello no 2012.


Se comparamos o desemprego do concello co resto da comarca vemos que, en decembro de 2012, Vimianzo conta cun 40.76 % (37.78 % no 2011) dos inscritos na comarca, Camariñas cun 33.67 % (36.93 % no 2011) e Zas cun 25.57 % (25.29 % no 2011). Este ano cómpre destacar que aumentou o porcentaxe de desempregados nos concellos de Vimianzo (2.98 %) e de Zas (0.28 %) mentres que descendeu no de Camariñas (-3.26 %), xusto a tendencia contraria do ano 2011 no que aumentara o porcentaxe no concello de Camariñas e descendera en Vimianzo e Zas.

O desemprego no concello segundo a idade e o sexo

O paro do concello ó longo do ano 2012 segue unha tendencia distinta segundo o sexo. No caso dos homes diminúe no segundo e terceiro trimestre do ano para aumentar de novo no derradeiro trimestre do ano. En canto ás mulleres, obsérvase unha diminución no número de desempregadas no segundo trimestre, aumentando no terceiro trimestre e diminuíndo de novo no cuarto.



Concello de Camariñas



O desemprego afecta máis ás mulleres, acadando unha media porcentual do 54.23% (54.66 % no 2011 e 52.62 % no 2010) fronte ó 45.77 % (45.34 % no 2011 e 47.38% no 2010) de desemprego masculino, producíndose a máxima diferenza

porcentual no terceiro trimestre do ano. Cómpre destacar que o desemprego feminino diminuíu o 0.43 % en relación co desemprego masculino con respecto ós datos do ano anterior. En números absolutos observamos un descenso no número de desempregadas xa que a media trimestral no 2012 foi de 349 mulleres, mentres que no 2011 foi de 358 paradas. Os homes desempregados presentan unha media trimestral de 295, moi similar a do ano 2011 que se situaba en 297. Observamos, polo tanto, que diminuíu a media de persoas desempregadas en ambos sexos respecto do ano anterior.


Cadro nº1: **DESEMPREGADOS POR SEXO**

2012	Homes	Mulleres	TOTAL	PROVINCIA
Primeiro	317	363	680	108283
Segundo	294	348	642	106576
Terceiro	269	353	622	103560
Cuarto	299	333	632	109975

Cadro nº 2: **DESEMPREGO POR GRUPOS DE IDADE**

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	78	139	177	164	122	680
SEGUNDO	74	134	174	138	122	642
TERCEIRO	61	134	153	144	130	622
CUARTO	57	134	165	155	121	632

Se facemos tres grandes grupos de idade observamos que os maiores porcentaxes de desempregados se sitúan nos grupos de entre 25 – 44 anos cunha media do 46.97 % (47.41% no 2011) e os maiores de 45 anos cun porcentaxe de 42.55% (40.85 % no 2011) de media do paro





Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSF invista no teu futuro"




rexistrado. Por outra banda, os menores de vinte e cinco anos acadaron de media un 10.48 % (11.74 % no 2011) do desemprego no concello. Comparando os datos coas medias do ano anterior vemos que diminúe o porcentaxe de desempregados nas franxas máis novas para aumentar entre as persoas desempregadas de máis de 45 anos.

Cadro nº3: DESEMPREGO FEMININO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	35	71	107	87	63	363
SEGUNDO	34	66	104	83	61	348
TERCEIRO	31	67	98	88	69	353
CUARTO	29	60	93	90	61	333

Cadro nº 4: DESEMPREGO MASCULINO POR GRUPOS DE IDADE

	- 25 anos	25-34 anos	35-44 anos	45-54 anos	55 e máis	TOTAL
PRIMEIRO	43	68	70	77	59	317
SEGUNDO	40	68	70	55	61	294
TERCEIRO	30	67	55	56	61	269
CUARTO	28	74	72	65	60	299



O **paro feminino** caracterízase por ser **superior ó paro masculino** en tódolos grupos de idade **agás** entre os **menores de 25 anos** e o grupo de **25-34** no que os homes desempregados superan ás mulleres. As menores diferenzas por idades obsérvanse

nestes dous grupos e no de persoas desempregadas maiores de 55 anos. Nos dous primeiros hai tres mulleres desempregadas menos de media, mentres que entre os maiores de 55 anos temos tamén unha diferenza de tres persoas, neste caso sendo inferior o número de homes desempregados. A franxa na que se sitúan a maioría das mulleres desempregadas sería no grupo de 35 - 44 anos.




Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSF invista no teu futuro"



Os maiores porcentaxes de **homes** desempregados sitúanse no grupo de 25 – 34 anos seguido do grupo de 35 - 44 anos. Os períodos de descenso do paro afectan especialmente ós grupos de menores de 25 anos e de 35 – 44 anos no trimestre correspondente ós meses de verán e o grupo de 45 – 54 anos no segundo trimestre do ano.



O nivel de instrución e desemprego

O nivel de instrución dos demandantes de emprego é moi baixo. Atopamos unha media dun 64.71% (63.41% no 2011) de persoas desempregadas que non teñen rematada a ensinanza obrigatoria . Un 24.50 % (24.08% no 2011) só teñen a ensinanza obrigatoria e soamente un 1.36 % (1.33% no 2011) de demandantes de emprego posúen titulación universitaria.

Cadro nº5: DESEMPREGO POR NIVEL DE INSTRUCIÓN

	PRIMEIRO		SEGUNDO		TERCEIRO		CUARTO	
	H	M	H	M	H	M	H	M
UNIVERSITARIOS	2	9	2	10	2	9	3	9
BUP/BACHARELATO SUPERIOR/COU	6	11	7	9	4	10	6	10
FORMACIÓN PROFESIONAL	24	46	26	48	24	35	27	43
ENSINANZA OBRIGATORIA	60	90	66	91	60	94	61	79
ATA CERTIFICADO ESCOLARIDADE *	225	207	193	190	179	205	202	192
TOTAL	317	363	294	348	269	353	299	333



* Inclúe certificado de escolaridade, estudos primarios sen certificado e sen estudos.



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSF invista no teu futuro"



O desemprego por sectores económicos



Cadro nº6: DESEMPREGO POR SECTORES ECONÓMICOS

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL	M	H	TOTAL
SECTOR PRIMARIO	24	59	83	23	47	70	23	36	59	19	43	62
SECTOR SECUNDARIO	37	27	64	33	23	56	37	21	58	34	28	62
SECTOR CONSTRUCCIÓN	12	141	153	14	127	141	10	120	130	8	137	145
SECTOR SERVICIOS	239	71	310	233	82	315	235	78	313	226	80	306
SEN EMPREGO ANTERIOR	51	19	70	45	15	60	48	14	62	46	11	57
CON EMPREGO ANTERIOR	312	298	610	303	279	582	305	255	560	287	288	575
Total	363	317	680	348	294	642	353	269	622	333	299	632


Máis do 90 % dos desempregados do concello de Camariñas son traballadores con experiencia profesional e, polo tanto, menos dun 10 % é demandante de primeiro emprego. Con respecto ó ano 2011, no 2012 diminuíron en tres puntos porcentuais os desempregados demandantes de primeiro emprego. Se analizamos os datos tendo en conta a variable sexo, observamos que o porcentaxe de mulleres desempregadas en busca de primeiro emprego é sensiblemente superior ó porcentaxe de homes nesta situación.



Concello de Camariñas



Os sectores con maior cantidade de persoas desempregadas son o sector servizos e a construción. Atendendo á evolución por trimestres observamos distintas tendencias segundo o sector que avaliemos, non existindo unha pauta fixa. Así, no segundo trimestre prodúcese unha diminución no número de persoas desempregadas en tódolos sectores agás nos servizos. Se analizamos o terceiro trimestre do ano vemos unha diminución de desempregados nos sectores primario, construción e servizos. No cuarto trimestre aumentan de novo os desempregados en tódolos sectores agás no sector servizos, con respecto ó trimestre anterior.





Concello de Camariñas





FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSF invista no teu futuro"



Se temos en conta a variable sexo, o comportamento do desemprego nos distintos sectores varía considerablemente. En canto ós homes, o maior número de desempregados atopámolo no sector da construción, seguido do sector servizos, a continuación situaríase o sector primario e, a bastante distancia o secundario.

Se avaliamos os datos da mulleres o maior número de desempregadas atopámolo no sector servizos, seguido a bastante distancia do sector secundario e primario. O número de mulleres desempregadas no sector da construción é moi baixo, isto débese ó feito de que as mulleres non soen demandar traballo neste sector nin o sector demanda mulleres.




A contratación no concello por sectores económicos

Cadro nº 7: CONTRATACIÓN POR TRIMESTRE E SECTOR ECONÓMICO

	1º Trimestre			2º Trimestre			3º Trimestre			4º Trimestre		
	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total	M	H	Total
SECTOR PRIMARIO	5	66	71	5	86	91	11	61	72	11	54	65
SECTOR SECUNDARIO	7	4	11	4	3	7	8	4	12	6	4	10
SECTOR CONSTRUCCIÓN	0	20	20	0	9	9	0	17	17	0	7	7
SECTOR SERVICIOS	118	9	127	75	16	91	90	54	144	121	27	148
TOTAL	130	99	229	84	114	198	109	136	245	138	92	230



Concello de Camariñas



No gráfico da evolución da contratación por sectores económicos obsérvase que a contratación aumenta no segundo trimestre no sector primario, mentres que descende de forma significativa o número de contratos nos sectores secundario, construción e

servizos, principalmente. No terceiro trimestre (época de verán) aumenta a contratación en tódolos sectores respecto ó trimestre anterior agás no primario. No cuarto trimestre prodúcese un leve aumento nas contratacións do sector servizos mentres diminúen o número de contratos nos tres sectores restantes, descenso especialmente significativo no sector da construción.

Na contratación que se efectúa no concello destaca o seu carácter maioritariamente feminino (51.11%). Este ano observamos a tendencia contraria de anos anteriores xa que eran os homes os que asinaban un maior número de contratos. Os sectores máis feminizados son o secundario e os servizos. O maior porcentaxe de contratos no caso dos homes con respecto ás mulleres dáse nos sectores primario e na construción.

Se avaliamos a contratación por trimestres vemos que durante o 2012 os homes se incorporan ó mercado de traballo en maior número que as mulleres no segundo e terceiro trimestre do ano, seguindo a mesma tendencia que no ano 2011. A maior diferenza nas contratacións masculinas obsérvase no segundo trimestre do ano, no 2011 esta tendencia atopabámola no terceiro trimestre, coincidindo cos meses de verán. Cómpre salientar que no primeiro e último trimestre do ano observamos a tendencia contraria, maior número de contratacións femininas. A maior diferenza a favor das mulleres témola no derradeiro trimestre do ano, os datos amosan 138 contratacións femininas fronte a 92 masculinas, é dicir temos un 20 % de contratacións femininas superior ás masculinas neste trimestre.




Concello de Camariñas




FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSF invista no teu futuro"



Evolución da contratación




No primeiro trimestre, tal como comentamos no parágrafo anterior, o máis significativo é o alto número de contratos entre as mulleres. Este dato tan positivo para a contratación feminina é posible grazas ós sectores secundario e, en moita maior medida ó sector servizos. Son sectores fortemente masculinizados o sector primario e a construción.




Neste segundo trimestre continúa a mesma tendencia que no trimestre anterior en canto ós distintos sectores aínda que no sector primario, secundario e no sector servizos aumenta o peso porcentual das contratacións masculinas con respecto ás mulleres. É neste trimestre do ano no que se observa unha maior diferenza entre o número de contratos masculinos e femininos a favor dos homes.



Concello de Camariñas



Como se pode observar, neste terceiro trimestre é no que maior número de contratos se asinan en todo o ano. Continúa a tendencia do trimestre anterior xa que as contratacións masculinas seguen a superar as femininas. En canto ó comportamento dos distintos sectores, temos máis contratacións masculinas nos sectores primario e construción e maiores contratacións femininas nos sectores secundario e servizos. Aínda que neste trimestre é no que se producen un maior número de contratacións masculinas no sector servizos en todo o ano.





Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSF invista no teu futuro"



No cuarto trimestre observamos que a contratación feminina supera o número de contratos respecto dos homes. Como xa sinalamos é no trimestre no que se produce a maior diferenza porcentual no número de contratos a favor das mulleres. En canto a número total de contratos este trimestre ocupa a segunda posición.

As ocupacións máis contratadas e demandadas.

Para esta análise collemos as 10 ocupacións nas que se realizan máis contratacións cada mes por sexo e agrupámolas por trimestres. Dentro de cada trimestre desbotamos as ocupacións nas que non se asinan como mínimo dous contratos.

Cadro nº 8: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NO CONCELLO. MULLERES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
TRABALLADORES DAS INDUSTRIAS DO PEIXE	50	20	20	75
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	37	11		10
VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	8	11	7	11
CAMAREIROS ASALARIADOS	6	13	26	6
PERSOAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	4		6	
TÉCNICOS EN EDUCACIÓN INFANTIL	3			
PESCADORES DE ALTURA	3		7	2
VENDEDORES A DOMICILIO	2	2		3
OPERADORES DE MÁQUINAS DE COSER E BORDAR	2		5	
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS CON TAREFAS DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPIGRAFES	2			
OPERADORES DE MÁQUINAS DE EMBALAXE, EMBOTELLAMENTO E ETIQUETAXE		9		
PEÓNS DA PESCA		5		6
TRABALLADORES DOS COIDADOS PERSOAIS A DOMICILIO		3	9	
COCIÑEIROS ASALARIADOS		2	4	
OPERADORES DE MÁQUINAS PARA ELABORAR PRODUTOS ALIMENTARIOS, BEBIDAS E TABACO		2		
OUTRO PERSOAL DE LIMPEZA			7	
MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO			3	
PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS				3
EMPREGADOS DOMÉSTICOS				2
TÉCNICOS DE EMPRESAS E ACTIVIDADES TURÍSTICAS				2



Concello de Camariñas



No caso das mulleres, entre as ocupacións máis contratadas (21) atopamos tres grupos:

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: traballadores das industrias do peixe; peóns das industrias manufactureiras; vendedores en tendas e almacéns; camareiros asalariados; pescadores de altura; vendedores a domicilio. Estas ocupacións constitúen o 28.57 % das ocupacións analizadas (40 % no 2011)
2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: técnicos en educación infantil; empregados administrativos con tarefas de atención ó público non clasificados baixo outras epígrafes; operadores de máquinas de embalaxe, embotellamento e etiquetaxe; operadores de máquinas para elaborar produtos alimentarios, bebidas e tabaco; vendedores a domicilio; outro persoal de limpeza; monitores de actividades recreativas e de entretemento; peóns de obras públicas; empregados domésticos; técnicos de empresas e actividades turísticas.
3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares; operadores de máquinas de coser e bordar; peóns da pesca; traballadores dos coidados persoais a domicilio; cociñeiros asalariados.

Dos datos anteriores de ocupacións máis contratadas entre as mulleres chámamos a atención dous epígrafes, operadores de máquinas de embalaxe, embotellamento e etiquetaxe ; e pescadores de altura.

Tentando analizar a orixe destes datos observamos que as contratacións na primeira das ocupacións (operadores de máquinas de embalaxe, embotellamento e etiquetaxe) prodúcense todas no mes de maio. Feita unha análise das empresas radicadas no noso territorio concluímos que estes contratos se corresponden coa industria de conservas de peixe e as de polbo.

Respecto da ocupación de pescadores de altura consideramos que esta non é unha das ocupacións máis contratadas no concello no ámbito feminino (si no caso dos homes), as contratacións pesqueiras no caso das mulleres prodúcense máis ben na pesca de augas costeiras ou no marisqueo polo que pensamos que podemos estar ante un erro de codificación.

Cadro nº 9: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS NO CONCELLO. HOMES

	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre	4º Trimestre
PESCADORES DE ALTURA	45	57	32	24
ALBANEIS	17	5	10	4
PESCADORES DE AUGAS COSTEIRAS E AUGAS DOCES	8	14	18	9
PEÓNS DA PESCA	6	11	7	12
CONDUTORES ASALARIADOS DE CAMIÓN	5		2	
ENCOFRADORES E OPERARIOS DE POSTA EN OBRA DE FORMIGÓN	2			
OPERADORES DE CALDEIRAS E MÁQUINAS DE VAPOR	2			
AUXILIARES DE VIXILANTE DE SEGURIDADE E SIMILARES NON HABILITADOS PARA IR ARMADOS	2			
CAMAREIROS ASALARIADOS		5	8	3
PEÓNS DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS		3	2	
VIXILANTES DE SEGURIDADE E SIMILARES HABILITADOS PARA IR ARMADOS		3		
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS		2		
FARMACÉUTICOS		2		2
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS SEN TAREFAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPIGRAFES		2		
OUTRO PERSOAL DE LIMPEZA			24	
MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO			6	
CONDUTORES ASALARIADOS DE AUTOMÓBILES, TAXIS E FURGONETAS			3	
PEÓNS AGROPECUARIOS			2	4
AUXILIARES DE ENFERMERÍA HOSPITALARIA			2	
TRABALLADORES DAS INDUSTRIAS DO PEIXE			2	
OPERADORES DE MÁQUINAS PARA ELABORAR PRODUTOS ALIMENTARIOS, BEBIDAS E TABACO			2	2
PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS				6
MARIÑEIROS DE PONTE, MARIÑEIROS DE MÁQUINAS E AFÍNS				5
TÉCNICOS EN INSTALACIÓNS DE TRATAMENTO DE RESIDUOS, DE AUGAS E OUTROS OPERADORES EN PLANTA E SIMILARES				3

En canto ós homes, nas ocupacións máis contratadas (24) atopamos 3 grupos pero só coinciden oito ocupacións coas máis contratadas entre as mulleres polo que apreciamos claramente a segregación horizontal das ocupacións e contratacións por sexo.

1. Aquelas ocupacións que aparecen entre as dez primeiras durante tódolos trimestres ou en tres polo menos: pescadores de altura; albaneis; pescadores de augas costeiras e augas doces; peóns da pesca; camareiros asalariados. Estas ocupacións constitúen o 20.83 % (15 % no 2011) das ocupacións analizadas.
2. Ocupacións estacionais que só destacan nun trimestre: encofradores e operarios de posta en obra de formigón; operadores de caldeiras e máquinas de vapor; auxiliares de vixilante de seguridade e similares non habilitados para ir armados; vixilantes de seguridade e similares habilitados para ir armados; peóns das



Concello de Camariñas



industrias manufactureiras; empregados administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes; outro persoal de limpeza; monitores de actividades recreativas e de entretemento; condutores asalariados de automóbiles, taxis e furgonetas; auxiliares de enfermería hospitalaria; traballadores das industrias do peixe; peóns de obras públicas; mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns; técnicos en instalacións de tratamento de residuos, de augas e outros operadores en planta e similares.

3. Ocupacións que destacan nun par de trimestres: condutores asalariados de camións; peóns da construción de edificios; farmacéuticos; peóns agropecuarios; operadores de máquinas para elaborar produtos alimentarios, bebidas e tabaco.

Dos datos anteriores de ocupacións máis contratadas entre os homes, destacar que a epígrafe outro persoal de limpeza faría referencia ás contratacións dos meses de verán do concello para a limpeza de praias, cunetas, rúas... e traballos similares.

Á vista dos anteriores resultados podemos concluír que as ocupacións e sectores nos que se producen o maior número de contratacións adoitan ser bastante estables ó longo do ano. Neste 2012 algunhas das ocupacións máis contratadas producen cifras bastante baixas de contratos, dato explicable polo nivel de contratación xeral municipal nun ano marcado principalmente pola crise económica a nivel mundial.

Entre as 10 ocupacións nas que se produce un maior número de contratos en cada trimestre, que ó final do ano da lugar a 21 ocupacións no caso das mulleres e 24 no caso dos homes, só coinciden homes e mulleres en oito, o que reflicte a segregación horizontal por sexos xa apuntada. Estas ocupacións serían: traballadores das industrias do peixe; camareiros asalariados; pescadores de altura; peóns da pesca; operadores de máquinas para elaborar produtos alimentarios, bebidas e tabaco; outro persoal de limpeza; monitores de actividades recreativas e de entretemento; peóns de obras públicas.



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSF invista no teu futuro"



Cadro nº 10: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. MULLERES.

	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	211	201	206	192
Mozos de recollida de lixos - vertedoiros	136	127	130	119
Peóns de obras públicas, en xeral	120	108	111	98
Peóns forestais	90	79	84	75
Dependentes de comercio, en xeral	77	78	85	80
Asistentes domiciliarios	54	52	56	58
Pinches de cociña	45	46	53	38
Camareiros de pisos (hostalería)	34	35		
Repoñedores de hipermercado	32	31	37	34
Empregados administrativos, en xeral	31	33	34	37
Empregados de fogar	31			32
Caixeiros de comercio		33	39	38

Cadro nº 11: DEMANDAS DE EMPREGO DOS PARADOS. HOMES.

	1ºTRIMESTRE	2ºTRIMESTRE	3ºTRIMESTRE	4ºTRIMESTRE
Peóns de obras públicas, en xeral	121	125	113	125
Albaneis	84	70	66	85
Mozos de recollida de lixos - vertedoiros	84	92	81	80
Peóns forestais	83	92	80	73
Peóns da construción de edificios	70	65	63	70
Mariñeiros de buque de pesca	62	51	42	36
Persoal de limpeza ou limpador, en xeral	42	45	40	37
Encofradores	35	29	33	39
Condutores de furgonetas, ata 3.5 T	31	32	33	39
Pintores e / ou empapeladores	26		20	
Traballadores de retén de incendios forestais	26	24	20	22
Condutores de camións, en xeral	23	25	23	30





Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSF invista no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA





Concello de Camariñas




FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSF invista no teu futuro"



Cadro nº 12: AS OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS E DEMANDADAS NO CONCELLO

	CONTRATOS			DEMANDAS		
	MULLERES	HOMES	TOTAL	MULLERES	HOMES	TOTAL
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	58	2	60			
SERVIZOS A PERSOAS DEPENDENTES	15		15	55		55
OCUPAC. RELACIONADAS CO COMERCIO	44	4	48	141		141
OCUPAC. RELACIONADAS COA HOSTALERÍA	57	16	73	63		63
OCUPAC. RELACIONADAS CO SECTOR TÉXTIL	7		7			
OCUPAC. RELACIONADAS COA LIMPEZA	19	24	43	218	41	259
OCUPACIÓNS AGROFORESTAIS		6	6	82	105	187
TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS		10	10		59	59
OCUPAC. DE TIPO ADMINISTRATIVO	2	2	4	34		34
OCUPACIÓNS AGROALIMENTARIAS	176	6	182			
MANTEMENTO VÍAS, LIMPEZA PRAIAS E CONDUTORES DE MAQUINARIA DE TERRAS	3	6	9	237	205	442
OCIO E TEMPO DE LECER	3	6	9			
OCUPAC. RELACIONADAS COA PESCA	23	248	271		48	48
CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS		43	43		177	177
PROTECCION E SEGURIDADE		5	5			
OUTRAS OCUPAC. DA CONSTRUCCIÓN RELACIONADAS CO ACABADO DE EDIFICIOS					11	11
OCUPAC. RELACIONADAS CO TURISMO		2	2			
ACTIVIDADES SANITARIAS		2	2			
OCUPAC. RELACIONADAS CO MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS		5	5			





Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSF invista no teu futuro"



Para poder comparar mellor as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupámolas por CNO (código nacional de ocupación) similares, dentro do mesmo sector cos seguintes criterios:

- Peóns das industrias manufactureiras: Non se agrupa con ningunha outra ocupación porque falta información sobre o sector concreto de ocupación e podería ser tanto do sector téxtil como do conserveiro, entre outros.
- Servizos a persoas dependentes: técnicos en educación infantil; traballadores dos cuidados persoais a domicilio; asistentes domiciliarios.
- Ocupacións relacionadas co comercio: vendedores en tendas e almacéns; vendedores a domicilio; farmacéuticos; dependentes de comercio, en xeral; repoñedores de hipermercado; caixeiros de comercio.
- Ocupacións relacionadas coa hostalería: camareiros asalariados; cociñeiros asalariados; pinches de cociña; camareiros de pisos (hostalería)
- Ocupacións relacionadas co sector téxtil: operadores de máquinas de coser e bordar.
- Ocupacións relacionadas coa limpeza: persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares; outro persoal de limpeza; empregados domésticos; persoal de limpeza ou limpador, en xeral; empregados de fogar.
- Ocupacións agroforestais: peóns agropecuarios; peóns forestais; traballadores de retén de incendios forestais.
- Transporte e mantemento de vehículos: condutores asalariados de camións; condutores asalariados de automóbiles, taxis e furgonetas; condutores de furgonetas ata 3.5 T; condutores de camións, en xeral.
- Ocupacións de tipo administrativo: empregados administrativos con tarefas de atención ó público non clasificados baixo outras epígrafes; empregados administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes; empregados administrativos, en xeral.
- Ocupacións agroalimentarias: traballadores das industrias do peixe; operadores de máquinas de embalaxe, embotellamento e etiquetaxe; operadores de máquinas para elaborar produtos alimentarios, bebidas e tabaco.
- Mantemento de vías, limpeza de praias e condutores de maquinaria de terras: peóns de obras públicas; mozos de recollida de lixos – vertedoiros.



Concello de Camariñas



- Ocio e tempo de lecer: monitores de actividades recreativas e de entretemento.
- Ocupacións relacionadas coa pesca: pescadores de altura; peóns da pesca; pescadores de augas costeiras e augas doces; mariñeiros de ponte, mariñeiros de máquinas e afíns: mariñeiros de buque de pesca.
- Construción de edificios: albaneis; encofradores e operarios de posta en obra de formigón; peóns da construción de edificios; encofradores.
- Protección e seguridade: auxiliares de vixilante de seguridade e similares non habilitados para ir armados; vixilantes de seguridade e similares habilitados para ir armados.
- Outras ocupacións da construción relacionadas co acabado de edificios: pintores e/ou empapeladores.
- Ocupacións relacionadas co turismo: técnicos de empresas e actividades turísticas.
- Actividades sanitarias: auxiliares de enfermería hospitalaria.
- Ocupacións relacionadas co mantemento de instalacións industriais: operadores de caldeiras e máquinas de vapor; técnicos en instalacións de tratamento de residuos, de augas e outros operadores en planta e similares.

Co fin de realizar a comparación dos datos numéricos cómpre indicar que collemos os datos das 10 ocupacións máis demandadas e as 10 máis contratadas en cada trimestre no ámbito masculino e no ámbito feminino. O número de contratos que aparecen no cadro 12 está realizado a partir do sumatorio das táboas de contratación. En canto ás demandas calculamos a media trimestral que correspondería a cada ocupación e sumamos as ditas medias segundo os nosos grupos sectoriais.

Se realizamos a comparación entres as ocupacións máis contratadas e demandadas agrupadas por CNO segundo os criterios anteriormente sinalados, podemos concluí-lo seguinte:



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSF invista no teu futuro"



1.- Na gran maioría das ocupacións estudadas atopamos un número de demandas superior ó número de contratacións. Estaríamos, polo tanto, ante postos de traballo que se ocupan no mercado laboral aínda que na maioría dos casos a demanda está bastante descompensada xa que se producen moitas máis demandas que contratacións.

2.- Un segundo grupo serían as ocupacións contratadas que non aparecen entre as máis demandadas, isto sucede con 8 das estudadas: peóns das industrias manufactureiras; ocupacións relacionadas co sector téxtil; ocupacións agroalimentarias; ocio e tempo de lecer; protección e seguridade; ocupacións relacionadas co turismo; actividades sanitarias; ocupacións relacionadas co mantemento de instalacións industriais. Isto indicaría que este tipo de contratacións non se están a facer a través do SPE.

3.- No caso das ocupacións relacionadas coa hostalería; ocupacións relacionadas coa pesca; aínda que aparecen entre as primeiras tanto en número de contratos como en demandas, a contratación supera a demanda polo que quedarían prazas vacantes.

4.- Este ano só temos unha ocupación entre as máis demandadas que non aparece entre as máis contratadas o que podería apuntar a unha mellor adecuación entre oferta e demanda e á mellor orientación e intermediación laboral no territorio se esta tendencia se confirma en próximos anos.

Cómpre salientar que as ocupacións mozos de recollida de lixos – vertedoiros e peóns de obras públicas, en xeral son dúas das ocupacións máis demandadas en ambos sexos porque son códigos que os concellos utilizan para as súas ofertas de limpeza de praias, rúas e mantemento de vías e obras polo que as persoas demandantes desta ocupación solicitan este traballo aínda que despois non aparece reflectido nos contratos porque se especifican ocupacións como persoal de limpeza de praias, operario de servizos múltiples,...

Tanto as contratacións como as demandas se caracterizaban por reflectir a segregación horizontal por sexo en sectores e ocupacións, aínda que está a aumentar o número de demandas por parte das mulleres en ocupacións masculinizadas. Así destacamos as ocupacións de mantemento de vías e limpeza de praias e as ocupacións forestais. Cómpre salientar que esta tendencia da demanda feminina vén favorecida pola intervención da administración xa que eses códigos soen empregarse para as contratacións dos concellos de limpeza de praias, mellora en espazos e vías e contratacións por parte da Empresa Pública SEAGA para a campaña de incendios.

Servizo Público de Emprego de Galicia. Concello de Camariñas. Casa de Pedra. Praza Insuela s/n 15123 Camariñas Tel: 981737004 Fax: 981736199 e-mail: mseijas.desenvolvemento@camarinas.net



Concello de Camariñas



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSF invista no teu futuro"



Á vista dos resultados anteriores cómpre intervir e orientar cara a demanda naquelas ocupacións de postos que non se cobren. No caso dalgunha ocupación pode ser un problema de elección na codificación porque ó existir tantas ocupacións similares ás veces non se solicita traballo nun código pero si aparecen outros códigos similares.

Outro problema é a dificultade para codificar algunha ocupación, un exemplo claro son as contratacións que fan os concellos para a tempada de verán xa que en moitas ocasións contratan persoal como operarios de servizos múltiples ou para limpeza de praias, códigos que non existen no CNO co que cada concello á hora de realiza-la oferta de emprego no SPEG o fai por un código distinto. No caso exposto nos concellos da zona poden empregarse ata 4 códigos distintos (peóns das industrias manufactureiras; peón de obras públicas, en xeral; mozos de recollida de lixos – vertedoiros, peóns forestais).

De todo isto concluimos que o obxectivo da orientación segue a ser a mellor relación entre os recursos humanos e as necesidades do mercado laboral a través de mecanismos informativos e formativos que equilibren recursos e necesidades.